Acta da sesión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, do día 20 de xuño de 2024

[JCCP/MCVR]

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos,** o día **20 de xuño de 2024, ás 10:30 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Noa Olalla Presas Bergantiños
(Presidenta)
Gonzalo Trenor López
(Vicepresidente)
Roberto Rodríguez Martínez
(en substitución de Noelia Pérez López)
(Secretario en funcións)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
Enrique Barreiro Sánchez
María Deza Martínez
Miguel Fidalgo Iglesias
Julio García Comesaña
(en substitución de María Dolores Hermelo Piñeiro)
Patricia García González
Carmen María Pomar Tojo
(en substitución de Rubén Lorenzo Gómez)
Cristina Sanz Arias
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Ramón Tomás Fernández Alfonzo
Carmela González Iglesias
(en substitución de Rosana Pérez Fernández)
Óscar Insua Lema
Brais Ruanova Vilas-Boas
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Paloma Castro Rey
(en substitución de Patricia Iglesias Rey)
María Elena Espinosa Mangana
Outros asistentes:
Ariadna Fernández González (BNG)
María del Carmen Rodríguez Dacosta (S)
Iago Suárez Fernández (BNG)
Comparecentes:
Presidente da Comisión Galega da Competencia
Director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Letrado:
Juan Carlos Caride Puente

.../...

PARLAMENTO DE GALICIA

A señora presidenta abre a sesión e rógalle ao señor secretario en funcións que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución e as substitucións pertinentes.

Logo da constatación deste, a señora presidenta comunica que o señor Ojea Bouzo, do G.P. Mixto, xustifica a súa inasistencia a esta sesión.

Deseguido éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

Punto 1. Comparecencia

1.1 4709 (12/CPC-000002)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Do Sr. presidente da Comisión Galega da Competencia, por petición propia, para informar dos asuntos establecidos no Decreto 118/2016, do 4 de agosto, polo que se crea o Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 31f1, do 29.05.2024

A señora presidenta salienta que, en cumprimento do disposto no artigo 30 do Decreto 118/2016, de 4 de agosto, comparece hoxe Ignacio López Cháves, presidente do Consello Galego da Competencia, a quen lle dá a benvida. A seguir, explica o desenvolvemento da sesión, que consistirá nunha primeira intervención do comparecente, por un tempo de 20-30 minutos; seguida dunha rolda dos representantes dos grupos parlamentarios, por un tempo de 10 minutos cada un, e pechará o debate o comparecente por un tempo de 5-10 minutos.

Xa que logo, a Presidencia concédelle a palabra ao **señor presidente do Consello Galego da Competencia, Ignacio López Chaves**, que pasa a informar segundo o disposto no Decreto 118/2016, do 4 de agosto, polo que se crea o Instituto Galego de Consumo e da Competencia.

Deseguido ábrese unha rolda de grupos parlamentarios, na que fan uso da palabra **as señoras: Castro Rey (S), González Iglesias (BNG) e Sanz Arías (P),** as cales pasan a expoñer diferentes preguntas e observacións sobre a información recibida.

Ao remate das anteriores intervencións a Presidencia concédelle novamente a palabra ao **señor presidente do Consello Galego da Competencia, Ignacio López Chaves**, que pecha o debate da comparecencia contestando ás cuestións e consideracións formuladas.

Incorpórase á sesión a señora Espinosa Mangana (S), logo de abandonar a mesma súa compañeira de grupo.

PARLAMENTO DE GALICIA

Punto 2. Pregunta

2.1 5393 (12/POC-000758)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e 3 máis
Sobre a situación laboral do persoal dos centros de reforma xuvenil e protección de menores, as posibles restricións nesta materia derivadas dos pregos de contratación pública das entidades que prestan estes servizos e a posibilidade de conseguir un convenio colectivo de ámbito galego
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 37f2, do 12.06.2024

A Presidencia concédelle a palabra ao **señor Fernández Alfonzo (BNG),** que pasa a expoñer as razóns nas que se basean as cuestións que figuran na súa iniciativa e que aparecen publicadas no BOPG anteriormente citado.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia o **señor director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica (Consellería de Política Social e Igualdade), Jacobo José Rey Sastre.**

Na rolda de réplica o **señor Fernández Alfonzo (BNG)**, amosa a súa insatisfacción ante a resposta do señor director xeral e reitérase nas cuestións xa expostas por considerar que non foron contestadas.

Pecha o debate desta pregunta o **señor director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, Jacobo José Rey Sastre,** que lamenta non ter sido mais conciso na súa resposta e remata a súa intervención ampliando o manifestado anteriormente.

A señora presidenta agradece a presenza do señor Rey Sastre nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia da mesma, dado que non ten máis preguntas ás que teña que dar resposta.

Punto 3. Proposición non de lei

3.1 4678 (12/PNC-000567)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e 2 máis
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en 2024 para axustarse ás recomendacións incluídas nos informes do Consello de Contas relativas á mellora da transparencia e eficiencia das entidades instrumentais do sector público autonómico
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 31f2, do 29.05.2024

A **señora Espinosa Mangana (S)**, dá conta das razóns que levaron ao seu grupo á presentación desta proposición non de lei, expresándose en termos semellantes aos que

PARLAMENTO DE GALICIA

aparecen por escrito e publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

Incorpóranse á sesión a señora Fernández Gonzáles (BNG) e Suárez Fernández (BNG), logo de ausentarse da mesma os seus compañeiros de grupo, señora González Isgleias e señor Insua Lema.

A esta iniciativa non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervén en primeiro lugar o **señor Ruanova Vilas-Boas (BNG)**, para manifestar que concorda co que se demanda nesta iniciativa de impulso, polo que adianta o apoio do seu grupo.

Nesta mesma rolda intervén o **señor Fidalgo Iglesias (P),** que responde ás alegacións anteriores e defende as funcións de transparencia e control na xestión da Xunta de Galicia.

Na rolda de puntualizacións a **señora Espinosa Mangana (S**), comenta a intervención do voceiro do grupo maioritario e reitera os datos alegados na súa primeira intervención.

Rematado o debate da proposición non de lei, a Presidencia sométea a votación:

3.1 4678 (12/PNC-000567), do G.P. dos Socialistas de Galicia. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **rexeitado** por:

Votos a favor:..... 7 (GG.PP. BNG+ S)
Votos en contra: ..... 9 (G.P. P)
Abstencións: 0

Non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia agradece a todos o seu traballo e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 12:50 horas.

(Achégaselle a esta acta como anexo a transcrición literal da sesión.)

Noa Presas Bergantiños

Firmado digitalmente por Noa Presas Bergantiños
Fecha: 2024.09.10 10:08:35 +02'00'

Vº. e pr.
Noa Olalla Presas Bergantiños
Presidenta da Comisión

Roberto Rodríguez Martínez

Firmado digitalmente por Roberto Rodríguez Martínez
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Roberto Rodríguez Martínez, email=roberto.rodriguez.martinez@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.09.10 08:36:21 +02'00'

Roberto Rodríguez Martínez
Secretario en funcións da Comisión

PARLAMENTO DE GALICIA

ANEXO ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN 3ª., ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS, DO DÍA 20 DE XUÑO de 2024

(Comparecencia do presidente da Comisión Galega da Competencia)

PARLAMENTO DE GALICIA

(Ábrese a sesión ás 10.35 horas).

A **presidenta da Comisión (señora Presas Bergantiños)**: Bo día a todos e a todas.

Imos dar comezo a esta sesión da Comisión 3ª Economía, Facenda e Orzamentos, para o que lle pido, por favor, ao señor secretario que lea a lista de membros da comisión a efecto de quórums e substitucións. Aproveito para comunicarlles aos grupos parlamentarios que o voceiro do Grupo Mixto comunicou que pola coincidencia da Comisión 5ª, que acudirá a esa outra comisión e, polo tanto, desculpa a ausencia.

(O señor secretario dá lectura á lista de asistentes.)

O secretario en funcións da Comisión (Rodríguez Martínez): Hai quórum, presidenta.

A **presidenta da Comisión (señora Presas Bergantiños)**: Moitas grazas, señor secretario.

Pasamos ao primeiro punto da orde do día, que se trata da comparecencia do señor López-Chaves Castro, o presidente da Comisión Galega da Competencia, por petición propia, para informar dos asuntos que están establecidos no decreto o centro de 18/2016, do 4 de agosto, polo que se crea un Instituto Galego do Consumo e da Competencia, conforme aos precedentes e ao acordado na Mesa da Comisión terceira.

O mecanismo será o habitual a outros anos de lexislaturas anteriores. En primeiro lugar, o señor López Chávez terá unha quenda inicial de exposición de entre 20 e 30 minutos; a continuación os grupos parlamentarios terán unha única quenda de 10 minutos tamén flexibles e, finalmente, por un tempo tamén flexible entre cinco e 10 minutos, o señor López Chaves pechará a súa comparecencia para dar resposta as inquedanzas dos grupos.

Polo tanto, reiterando a benvida ao señor López Chaves nesta nova lexislatura, cando queira pode vostede comezar.

O **presidente da Comisión Galega da Competencia (Ignacio López-Chaves Castro):** Moitas grazas, señora presidenta, señorías, moi bo día.

É, de novo, un motivo de honra comparecer nesta comisión terceira do Parlamento de Galicia, representando á Comisión Galega da Competencia, para expoñer de xeito reducido e breve o que fixemos no derradeiro ano e de escoitar todas as suxestións, recomendacións e observacións que vostedes teñan a ben facernos.

O decreto polo que se crea o Instituto Galego de Consumo e Competencia dispón na obriga de compadecer do presidente da Comisión Galega da Competencia ante esta

PARLAMENTO DE GALICIA

Comisión do Parlamento de Galicia, para informar sobre a situación da competencia, do plan de actividades e os obxectivos previstos para o ano seguinte.

Por iso, nesta intervención, vou falar primeiro da actividade desenvolta pola Comisión Galega da Competencia durante o ano 2023, para despois falar das actuacións previstas para o ano 2024. Para o mellor coñecemento polos membros desta comisión da actividade desenvolvida pola Comisión Galega da Competencia, xa remitimos a memoria da Comisión Galega do ano 2023, ademais de ser accesible a través da nosa páxina web.

Coñecemos ben os que estamos aquí a relevancia que para o benestar xeral ten a promoción e defensa da competencia, porque unha competencia efectiva é esencial para o desenrolo económico e social dun país, a competencia é unha forma de favorecer a igualdade tanto de oportunidades como de beneficios, así como de recompensar o emprendemento, o mérito, a innovación e o esforzo.

O dereito de competencia da Unión Europea xorde tras a Segunda Guerra Mundial coa finalidade de revisar o centralismo económico e a asistencia de carteis en Alemaña, e así recóllese, incluso, no Tratado de Postdam. O Tratado de Roma, que crea a Comunidade Económica Europea, xa regula a libre competencia.

Os mercados abertos e competitivos permiten reducir prezos, ampliar a oferta de bens e servizos é incrementar a súa calidade. Neste contexto do que significa a competencia. sinalar que o Pleno da Comisión Galega de Competencia durante o ano 2023, reuniuse en 17 ocasións, tres máis que no ano anterior. E, como o ano pasado e como corresponde ás memorias dos que presentan as autoridades que formamos o sistema español de defensa da competencia, é preciso diferenciar na nosa actividade en dous grandes bloques: a defensa, e a promoción da competencia.

A promoción da competencia consiste nunha pluralidade de ferramentas e mecanismos non sancionadores, que poden ser consultas, emisión de informes, ou organización ou participación en xornadas.

Outro bloque é a defensa da competencia, que supón a aplicación da Lei de defensa da competencia; é dicir, a investigación, tramitación e, se é o caso, a sanción, tendo en conta que os é a orixe dos ilícitos anticompetitivos poden ser de tres tipos: o primeiro, as condutas colusorias, os abusos de posición de dominio, así como os actos de competencia desleal e que, por falsear a libre competencia afecte ao interese público.

Antes de entrar no exame da actividade, quero indicar que a Comisión Galega da Competencia, de acordo coa Lei de racionalización do sector público autonómico, é o órgano colexiado e independente de carácter permanente e consultivo, ao que corresponde a aplicación en defensa da competencia, segundo os criterios establecidos na Lei 1/2002 de coordinación do Estado as comunidades autónomas en materia de defensa da competencia; para fixar esa coordinación a lei 1/2002 establece os chamados

puntos de conexión que delimitan xenericamente o exercicio das competencias por parte do Estado e das comunidades autónomas.

Desde hai tempo ás autoridades autonómicas da competencia tratamos de reclamar o establecemento de criterios máis claros para a fixación deses puntos de conexión entre a asignación de asuntos entre a Comisión Nacional e as autoridades autonómicas, para evitar incertezas e posibles anulacións de resolucións.

Nese senso hai que referirse a unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza do País Vasco, que anulou unha resolución da autoridade vasca, por entender que carecía de competencia a pesar de que o asunto estivese sometido ao trámite de asignación entre a Comisión Nacional e a autoridade vasca, e asinado a autoridade autonómica.

Iso fainos reflexionar sobre as necesidades de definir de forma más clara os puntos de conexión para distribuír os expedientes entre a Comisión Nacional e as autoridades autonómicas da competencia.

Queremos sinalar que a competencia, que non é un fin en sí mismo, senón unha ferramenta para cumprir todas esas finalidades. Por iso, cando as autoridades de competencia falamos de eficiencia, non só debemos entender a eficiencia económica, sino tamén a eficiencia social e ambiental.

Existen precedentes na normativa europea de flexibilización de dereito da competencia por razóns de desenvolvemento sostible. É dicir, que considera válidos os acordos entre competidores para favorecer a sostibilidade. Tamén sinalar que en materia social e laboral a Comisión Europea aprobou recentemente as directrices sobre a aplicación do dereito da competencia da Unión aos convenios colectivos relativos ás condicións laborais das persoas que traballan por conta propia sen asalariados, o obxectivo dos mesmos é aclarar cando determinados traballadores autónomos poderán reunirse para negociar colectivamente mellores condicións de traballo sen infrinxir as normas de competencia da Unión Europea, especialmente nun contexto crecente de número de traballadores que dependen das plataformas dixitais. Ben explicadas estas novas liñas do dereito á competencia, falarei agora de maneira resumida, da actividade do ano pasado.

En materia de defensa da competencia debemos falar dos expedientes instruídos pola Comisión Galega da Competencia, na materia de persecución da infracción dos artigos 1, 2 e 3 da Lei de defensa da competencia, debemos recordar que o carácter secreto é ilícito deste tipo de conductas por parte dos que cometen esas actuacións, fai que sexa moi difícil a súa detección.

Por iso na normativa de competencia existe o chamado procedemento de clemencia, que garante a quen, formando parte dun cartel, poña en coñecemento da autoridade da competencia a súa existencia, e aporta elementos de proba suficientes para poder incoa un expediente, se vexa liberado das sancións que terán os demais operadores

económicos que o formen parte do mesmo. Este é o principal instrumento para a detección dos cárteles e por iso a Lei de defensa da competencia regula os procedementos de clemencia.

Durante o ano 2023 foron oito os expedientes resoltos polo Pleno da Comisión Galega da Competencia:

O primeiro, relativo á licitación de urbanización do Consorcio da Zona Franca de Vigo, que resolve a interposición dun recurso do artigo 47 da Lei de defensa da competencia por parte dunhas empresas ás que se lle había incoado expediente.

Outra resolución tamén relacionado coa licitación urbanización de la Zona Franca de Vigo, que resolve un recurso presentado pola empresa Unión Vantaxe contra a adopción do acordo de peche da instrución por parte de la Subdirección de Investigación, que foi rexeitado o recurso; posteriormente foi obxecto de reclamación ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e, como falarei, despois, foi rexeitada esa reclamación.

O terceiro expediente relativo a un expediente de vixiancia do cumprimento dunha terminación convencional, que é transporte viaxeiros Illas Cíes, navieira Mar de Ons, que pedía una ampliación de prazo para o cumprimento dos compromisos asumidos, non a terminación convencional que foi rexeitado, da mesma maneira que a solicitude doutra navieira, Cruceiros Rías Baixas, relativo ao mesmo expediente de vixilancia da terminación convencional nun expediente sancionador.

Outro expediente foi un acordo de determinación convencional solicitado pola empresa Unión Vantaxe contra o acordo de finalización da terminación convencional rexeitada pola Subdirección de Investigación, e que foi confirmada polo pleno da Comisión Galega da Competencia.

Outro expediente foi o relativo, un expediente sancionador, a licitación da urbanización do Consorcio da Zona Franca de Vigo, que terminou cunha sanción para sete empresas cun importe de preto de 1.200.000 euros en una prohibición de contratar.

Tamén, por último, dos resolucións máis, unha de incoación a Monbus no expediente de transporte de viaxeiros por estrada, que foi un recurso presentado para autocares Monbus contra a decisión da subdirección de Investigación da Comisión Galega, que acordou a incoación do expediente sancionar ao Grupo Monbus e que foi rexeitado. Da mesma maneira que a resolución dun recurso presentado pola vía do artigo 47, pola empresa Alsa, tamén con acordo de incoación deste expediente.

O detalle de todos eles están recollidos na memoria da actividade de 2023, na que non entrarei por non exceder o tempo dispoñible para esta primeira intervención.

PARLAMENTO DE GALICIA

Por último, indicar dentro desta actividade de defensa da competencia a novidade que supoñen a emisión por parte de la Autoridade Galega da Competencia, de informes ao amparo do artigo 151 da Lei de contratos do sector público.

A reforma da Lei de contratos do sector público establece a posibilidade de que as mesas de contratación nos supostos de que aparezan indicios de prácticas colusorias nos supostos de licitación pública, poidan suspender esa licitación e solicitar un informe á autoridade autonómica da competencia ou á comisión nacional. Ese informe debe de ser emitido no prazo de 20 días e, de acordo. coa emisión dese informe, poderá a Mesa de Contratación suspender ou continuar co procedemento.

O ano pasado foron varios as solicitudes de informe ao amparo deste artigo 151 da Lei de contratos do sector público, e supoñen unha novidade na intervención das autoridades da competencia en materia de estudo dos expedientes de prácticas colusorias na contratación pública. Novamente as autoridades de competencia interveñen ex post nos expedientes de infracción da normativa de competencia e esta é unha novidade que intervén ...ante na posibilidade de tomar unha decisión provisional antes da resolución do expediente.

En cuanto á ... xurisdicional das resolucións da Comisión Galega da Competencia, hai que indicar que todas as resolucións da Comisión Galega que poñan fin á vía administrativa, son recorribles ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Destacar o incremento do número de recursos contencioso administrativos que as empresas presentan, fronte a actuacións da Comisión Galega da Competencia, de tal maneira que non só se recorren a resolución definitiva, senón que se recorren as resolucións ditadas o amparo do artigo 47 da Lei da defensa da competencia.

Durante o ano 2023 foron os seguintes:

A sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 10 en marzo de 2023, que estimou un recurso contencioso administrativo interposto por ... contra unha resolución do Pleno da Comisión Galega da Competencia, declara a nulidade desta resolución e ordena a devolución do expediente a fin de que incoe procedemento sancionador ... que xa foi incoado.

A Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 28 de abril de 2023, que desestimou o recurso contencioso administrativo presentado por ... Servicios Mantenimiento, contra a resolución 3/2021 que confirmou integramente ditar resolución por resultar conforme a dereito, así como á sanción imposta pola Comisión Galega de 175.000 euros, así como a prohibición de contratar, cuxo alcance e duración determinarase pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia.

PARLAMENTO DE GALICIA

Este ano 2024 tamén hai que falar de dúas sentenzas que resolveron asuntos relativos ás resolucións da Comisión Galega da Competencia, que foron xa notificadas. En primeiro lugar, unha sentenza do Tribunal Supremo de 7 de maio de 2024, que desestima un recurso contra a resolución da Comisión Galega da Competencia. Resolución 8/2019, reservas de cámping de Ons con transporte incluído, que impoñía una sanción por importe de máis de 88.000 euros á navieira Illa de Ons, viaxes Illas de Ons e iniciativas turísticas de Ons, por unha infracción do artigo 2 da Lei de defensa competencias, é dicir, un abuso de posición de dominio.

Esta é primeira resolución da Comisión Galega que chega ao Tribunal Supremo, que foi confirmada pola sentenza do Tribunal Supremo, a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia tamén deste ano, 16 de maio de 2024, que desestima o recurso do que antes falabamos de ... ventaxe contra a resolución, 2/2023, de licitación de urbanización da Consorcio da Zona Franca de Vigo.

Sinalar que, aquí quero felicitar ao corpo de letrados da Xunta de Galicia, que foron nos que defenderon esta resolucións tanto ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia como ante o Tribunal Supremo.

En canto a outro bloque da actividade e a promoción da competencia, debemos referirnos aos seguintes feitos: en primeiro lugar, á emisión de informes de función consultiva, de acordo co previsto no decreto de que recrea o Instituto Galego de Consumo e da Competencia e contémplase a posibilidade de informar sobre cuestións relativas á competencia, por solicitude do Parlamento, o Consello da Xunta de Galicia, os seus conselleiros e conselleiras, as corporacións locais de Galicia, as asociacións de persoas consumidoras e usuarias, ou empresarios e produtores.

Este ano foi emitido un informe solicitado pola Consellería de Mar da Xunta de Galicia sobre o impacto que desde o punto de vista da competencia ten para a frota de capital galego dedicada á captura de merluza de palangre de fondo, a entrada en vigor do Regulamento de execución da Unión Europea 2022 1.614.

En canto aos informes de carácter normativo, emitíronse os seguintes informes: un informe ao anteproxecto de Lei de calidade alimentaria de Galicia, solicitado pola Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia; un informe sobre o proxecto de decreto polo que se establece nos procedementos e controis para a subministración de medicamentos de uso humano de uso exclusivamente hospitalario para profesionais veterinarios, solicitado pola Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia; e, outro informe sobre o proxecto de decreto polo que se establece o procedemento para a acreditación de centros sanitarios, ... regula o funcionamento do Consello de acreditación dos centros Sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia, tamén solicitado pola Consellería de Sanidade.

En cuanto aos informes de promoción da competencia, foi emitido un informe sobre as modificacións introducidas na Lei de contratos do sector público e no que afecta a

competencia —como falei antes— a Lei 31/2022 modifica o apartado 1 do artigo 150 e fixa procedemento para cando se aprecien indicios fundados a condutas colusorias. A finalidade deste informe foi elaborar unha guía con obxectivo de determinar o procedemento que deben ter as mesas de contratación para informar á Comisión Galega da Competencia, respecto deses posibles indicios colusorios na contratación pública, é unha novidade e, por tanto, a Comisión Galega de Competencia, visto as solicitudes de informe que, nalgúns casos, non correspondían á aplicación do artigo 150, elaborou esta guía coa finalidade de facilitar información ás mesas de contratación e aos órganos de contratación.

O segundo informe foi un informe sobre a necesidade de garantir a eficacia na asignación dos recursos públicos para defender a competencia os corredores ferroviarios de mercado, de mercadorías e á exportación. Analiza, desde o punto de vista da competencia, o impacto que esas inversións poden orixinar nos operadores económicas, e valorar a eficiencia deses investimentos na asignación dos recursos públicos.

En resumo, de acordo con este informe, nos últimos cinco anos ao corredor atlántico foi a infraestrutura ferroviaria máis empregada para as exportacións por tren desde España cara ao resto de países da Unión Europea, o que significará unha maior eficiencia nas inversións públicas que se executen neste corredor na medida en que cumpre con máis intensidade a función ten de impulsar o mercado único europeo.

O terceiro informe foi sobre a implantación de programas de cumprimento en materia de defensa da competencia no sector empresarial galego. Falamos o ano pasado da necesidade de fomentar programas de cumprimento ..., en materia de defensa da competencia. E, para iso, a Comisión Galega da Competencia realizou unha enquisa ás empresas que facturan máis de 100 millóns na Comunidade Autónoma de Galicia, para coñecer implantación nelas dos programas de cumprimento en materia de defensa da competencia. Pero entre as conclusións coñecemos que, así coma 87 % das empresas teñen previsto un área do departamento e servicio dedicado ao cumprimento normativo, sempre, en cuanto á implantación de programas vinculados á competencia, a porcentaxe redúcese ao 43 %.

En cuanto a reunións e actividade relacionada coa actividade de promoción, coa Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, ao longo deste ano mantivéronse as reunións co Consello de Defensa da Competencia, que é o órgano de colaboración, coordinación e información recíproca entre o estado e as comunidades autónomas, para promover a aplicación uniforme da lexislación de defensa da competencia, así como tamén a Comisión Galega, aparte de Competencia participou coa Comisión Nacional e as autoridades autonómicas da Competencia nos grupos de traballo de consellos de promoción da competencia, de investigación.

En canto á participación de ..., seminarios, cursos e congresos dentro desta actividade de promoción, os membros da Comisión Galega da Competencia, continuarán nas actividades de formación de funcionarios en colaboración coa ... en relación co dereito á

PARLAMENTO DE GALICIA

competencia e á protección dos consumidores, e tamén coa aplicación da competencia de dereito á Unión Europea; así como tamén a participación no 5º congreso do Observatorio de Contratación Pública, no panel Compra Pública e competencia entre o mercado e a organización.

Pasando xa ao plan de acción deste ano, o 2024, proponse dar continuidade a estas liñas de actuación desenvoltas. Destacar, en primeiro lugar defensa da competencia, estes expedientes que son materia e confidencial, a Comisión Galega da Competencia informa no momento da súa incoación dando publicidade á resolución. Por tanto, de esa expedientes vinculados á defensa da competencia damos unicamente coñecemento, cando se incoan e cando se resolven.

En cuanto á promoción da competencia, vimos que se poden categorizar informes de tres tipos: os informes de función consultiva e sobre proxectos normativos, emitirase en instancia de terceiros, polo que non se pode determinar con antelación o número deles que aprobará o Pleno da Comisión Galega da Competencia durante o ano 2024. No obstante, é certo que este ano xa foi solicitado un informe sobre o proxecto de decreto polo que se regula a sinalización identificación, información, publicidade de actividades de promoción das oficinas de farmacia e boticas anexas a Galicia, que esta xa aparece na páxina web da Comisión Galega da Competencia.

En canto aos informes de promoción, entre os previstos para o ano 2024, atópanse en primeiro lugar recomendacións sobre a aplicación do denominado ... ou reinstalación da accesibilidade, fiabilidade da empresa; unha guía para a aplicación por parte de la Comisión Galega da Competencia da duración ao alcance da prohibición de contratar; unha análise da aplicación dos programas de cumprimento normativo das medidas de non competencia en materia de persoal; continuará a Comisión Galega da Competencia o análise da aplicación ... dos remedios como instrumento de garantía para a efectividade das súas resolucións; e, tamén, finalizar o informe sobre a prórroga das concesións dos servizos públicos municipal, que se realizou no ano 2022, no marco da colaboración con la Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia no Programa sobre Municipios en competencia.

Continuaremos tamén en materia de formación a colaboración coa ..., pero este ano queremos ampliaba e co obxectivo de dar formación en relación co artigo 150 e a forma de actuar nas mesas de contratación, na información que deben remitir á autoridade galega da Competencia.

Continuaremos la colaboración con la Comisión Nacional, así como tamén coa Sección de Dereito e Política da Competencia e Protección ao Consumidor da Conferencia de Naciones Unidas sobre Comercio e Descubrimento. E, prestaremos especial atención a contratación pública. Ás autoridades de competencia móstranse hoxe especialmente activa na aplicación da política de competencia na contratación pública. Se vostedes puidesen examinar, ou se examinaran as memorias das autoridades de competencia hai 10, 15 anos, os expedientes relativos a contratación pública eran practicamente

descoñecidos, pero, en cambio, por exemplo, desde o ano 2019, o 41 % dos expedientes tramitados pola Comisión Galega da Competencia, están vinculado e analiza en casos de infracción das normas de competencia na contratación pública.

Hai que ter en conta que agora as autoridades de competencia, temos en materia de contratación unha nova función, como é contemplado no artigo 150 da lei, pola que establece a remisión de oficio a instancia da Mesa de Contratación, de casos de indicios fundados en condutas colusorias nos contratos suxeitos a regulación harmonizada, co fin de que emita un informe sobre o carácter fundado no de tales indicios.

Por último, tamén en cuanto á función arbitral, sinalar que a reforma do decreto que regula a Comisión Galega da Competencia acadou a capacidade que ten a Comisión Galega de Competencia de realizar funcións de arbitraxe, tanto de dereito como de equidade, nos premios contido na normativa vixente na materia, de tal maneira que adaptou a normativa vixente da lei dedica decreto de creación do Instituto Galego de Consumo e Competencia, á que se ateñen outras autoridades autonómicas de competencia.

Confiando en ter aclarado as directrices de actuación, quedo á súa disposición das súas señorías para aclarar todos aqueles aspectos sobre os que teñan dúbida.

Moitas grazas, señora presidenta.

A presidenta da Comisión (señora Presas Bergantiños): Moitas grazas, señor López Chaves pola súa intervención.

Pasamos á quenda dos grupos parlamentarios, que lle recordo que é de 10 minutos flexibles. Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra a señora Castro.

A señora Castro Rey (S): Grazas, presidenta.

Bo día e benvido á comisión.

O ano 2023, ao final non foi un bo ano para a reputación da Comisión Galega da Competencia, e temos que indicar varios feitos que tiveron bastante relevancia, comezando pola publicación da resolución dese expediente con número 3/22 de tres empresas de construción de Ourense, dúas delas en UTE, que eran de idéntico concurso, idéntica cantidade, polo que concursaron. Idénticas ofertas, apreciando indicios racionais desa conducta prohibida ou desleal.

A comezos do ano 2023 fixeron vostedes publica esta resolución na que revelaban que tras incoar un expediente sancionador, puxéronlle fin sen sanción económica, o que tecnicamente se coñece como a terminación convencional, coa contrapartida de que as empresas se comprometesen a respectar a normativa de competencia que antes

vulneraran; así como a publicar durante dous anos nas súas webs corporativas a versión íntegra da resolución de competencia. Nunha páxina principal e visible —dicía a resolución— e a comunicar as asociacións do sector o compromiso e a resolución da competencia; ademais de presentar ante a competencia, obrigaba a esta resolución a presentar un proxecto de programa de cumprimento en materia de defensa da competencia, que deberían executar durante un ano.

Visto este mandato por esta resolución, comprobamos posteriormente que a estou a páxinas web, o enlace é minúsculo, apenas visible, a resolución de competencia, radicado no espazo inferior desas páxinas é practicamente non visible, a no ser que se busque expresamente.

Tamén nos chaman a atención outras condutas, considerando que a Xunta tramitou no ano, por exemplo, o 2022, —é para facer un balance dos anos anteriores— 205.419 expedientes de contratación por valor de 2.233 millóns de euros, que o número de resolucións emitidas pola Comisión Galega da Competencia fóra de seis. E, no ano anterior, o ano 21 de cinco, é en 2020 de 6, o que vai nunha media de case, non chega a seis, 5 e pico resolucións por ano, das que a maioría delas ademais non rematan en sanción.

Chámanos tamén a atención cousas como que determinadas empresas sospeitosas de adxudicación de contratos por parte da Xunta, nunca foran investigadas pola Comisión Galega da Competencia, e tamén isto fainos sospeitar ou, ás veces, fainos dubidar sobre a imparcialidade deste órgano.

O segundo feito que dicía eu que o pasado ano 2023 veu marcado por feitos relevantes, e que poñen en dúbida a reputación dun órgano como este, sería a publicación da sentenza do Tribunal Supremo, que vén avalar aquela sentenza do Tribunal Superior de Xustiza que consideraba que existían indicios claros de infracción, actuación reiterada das empresas Monbus e Alsa, na presentación de ofertas aos concursos públicos en Galicia, e que a Comisión Galega da Competencia no seu día decidiu non investigar. Agora mesmo, despois está o mandato do Tribunal Supremo, abriuse un expediente sancionador, espero que acabe resolto da forma convencional. E a pesar de que entendemos que isto foi un intento de protección por parte do Goberno da Xunta a estas empresas, e agora abriuse un prazo de dous anos para instruír o expediente, tamén gustaríanos que se aclarara como se atopa de avanzado ese expediente.

Polo tanto, dende o Grupo Socialista non imos reiterar o mesmo, o que si que queremos é instar á Comisión Galega da Competencia, este órgano, a que durante o ano 2004, asuma as súas competencias cunha maior transparencia e cunha maior, sobre todo, imparcialidade como así establece o mandato legal.

Máis nada. Moitas grazas.

PARLAMENTO DE GALICIA

A presidenta da Comisión (señora Presas Bergantiños): Moitas grazas, señora Castro.

Pasamos agora á quenda do grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, para o que ten a palabra, por un tempo tamén flexible de 10 minutos, a señora Iglesias González.

A señora González Iglesias (BNG): González Iglesias.

Bo día a todas e a todas. Bo día, señor López Chávez.

O informe da Comisión Galega de Competencia para 2023, mostra unha vez máis o uso partidista que o Partido Popular fai das institucións públicas. Utilizan a comisión principalmente para facer informes que incidan na posición do Partido Popular e referencias a temas que dependen do Estado ou a temas que interesan para os seus intereses. Pero esquecen informar de temas que repercuten no día a día das galegas e dos galegos, e que suporían investigar actuacións do Goberno galego.

Como exemplo, poño algo no que incido ao ano tras ano: seguen sen ver necesario facer un informe sobre o comercio interior na Galiza, especialmente sobre os abusos das grandes superficies e das grandes cadeas comerciais.

Señor López Chávez, o BNG pedímoslle a elaboración deste informe o pasado ano na súa comparecencia, e volvemos a pedirllo este ano, e volveremos a demandar o próximo ano no caso de que non se faga, porque baixo a escusa da libre competencia, incumprindo, en moitos casos a legalidade, os grandes formatos comerciais avanzan na Galiza sen que o Goberno galego lle poña freo, lastrando ao pequeno comercio que non pode competir nas mesmas condicións e abocando a súa desaparición.

Falou vostede na súa intervención de garantir a igualdade de oportunidades, algo co que non conta o pequeno comercio galego, xa que a lexislación beneficia aos xigantes comerciais, permitindo a liberalización dos horarios comerciais e os períodos de promocións e rebaixas; polo que se deberían incrementar as inspeccións e o control sobre eses establecementos para evitar a publicidade enganosa, as vendas á perda, etcétera, para evitar a competencia desleal co pequeno comercio galego. Un informe do Consello Galego da Competencia podería poñer sobre a mesa todas estas cuestións.

Tampouco ven vostedes necesario realizar un estudo sobre a comercialización dos produtos do mar, concretamente das conservas, a industria conserveira galega denunciou en múltiples ocasións a comercialización de produtos do mar mal identificados, ou incluso produtos de exportación comercializados como galegos. Recentemente Anfaco-Cecopesca, denunciou a comercialización de copias vexetais que se fan pasar por peixes e mariscos, máis tamén por especies cárnicas como porco, polo, tenreira ou ao pavo.

Esa práctica non só prexudica ao sector da pesca e ao sector gandeiro galego, senón que engana ás persoas consumidoras, xa que a etiquetaxe destes produtos non é clara e, en moitos casos, nin sequera é veraz. Ocorre o mesmo con produtos como mexilón galego, recentemente detectouse mexilón comercializado como galego que non o era.

É evidente que é necesario ver que ocorre coa comercialización da conserva galega, un sector que é estratéxico para o noso país, e que precisa de todas as ferramentas que estean nas mans do Goberno galego para defendelo e potencialo. Tamén lle digo, resulta inexplicable que a Consellería do Mar, que é o órgano competente nesta materia, así como foi xa noutras ocasións, non demande este informe do Consello Galego da Competencia.

Estes son só dous exemplos de como utilizar esta institución para beneficio das empresas galegas, do produto galego e, en definitiva, dos galegos e das galegas. Pero o Partido Popular négase a que este Consello sexa un órgano independente e transparente e utilízano para beneficio propio e das súas empresas amigas. Vímolo no procedemento de licitación da transporte público da Xunta de Galiza, no que a Xunta cometeu irregularidades na adxudicación deste servizo, dándolle un trato de favor a Alsa e Monbus, non só permitindo diversos incumprimentos na execución dos contratos, senón tamén nos propios procesos de contratación, tal e como sentenciou o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza.

A Xunta de Galiza incorreu no reparto ilegal no mercado entre Alsa e Monbus, o que di a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza é que este reparto foi feito por estas dúas empresas co visto e prace da Xunta de Galiza. E o propio TXJ acusa á Comisión Galega de Competencia de non ter investigado este proceso, a pesares de que existiron denuncias ao respecto.

Vostedes, señor López Chaves, abdicaron das súas competencias e non investigaron amparándose nun informe elaborado pola Mesa de Contratación da propia Xunta de Galiza. Vostedes non actuaron por orde e decisión da Xunta de Galiza para esclarecer o que estaba acontecendo co reparto dos lotes de transporte público. Vostedes utilizaron subterfuxios técnicos e legais para xustificar o posicionamento de competencia, e o Tribunal Superior de Xustiza obrigounos a facelo.

Esta é a mostra máis clara da utilización do Partido Popular das institucións para os seus propios intereses e para o beneficio das súas empresas amigas. Un escándalo, señor López Chávez.

Pero hai máis: o pasado 6 de xuño, nesta mesma comisión a miña compañeira Noa Presas defendeu unha iniciativa coa que denunciou o avance da privatización da asistencia sanitaria na área sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras, unha privatización que sinala o Consello de Contas nun informe de fiscalización da asistencia sanitaria con medios alleos nesta área sanitaria, no que, entre outros datos, dinos que en Ourense no ano 2022, a derivación a centros privados aumentou nun 41 %. Sinala que

cada vez fanse máis intervencións de cirurxía menor en centros privados —máis intervencións, perdón—, o número de pacientes derivados á privada aumentou un 36 % no ano 2022, con aumento en todas as especialidades. Todo isto co único obxectivo de reducir as listas de agarda, e o que conseguiron é que Ourense volva ser a área sanitaria coas peores listas de agarda de Galiza, e o hospital da cidade, o peor con diferenza, 141,2 días, o dobre da media galega.

Pero o Consello de Contas neste informe dinos cousas moi graves, e demostra que xestionan mal sen cumprir as normas. Dinos que a maioría das derivacións careceron de soporte contractual, algunha destas hai máis de 20 anos; dinos que contratos de dubidosa vixencia prolongados —textualmente— rexeite de xeito espurio, hai unha subversión da legalidade vixente a usar figuras de autorización temporal de uso para fins distintos planificados, e dinos que ao facer adxudicación directos en proceso de concorrencia, que se fan publicacións, adxudicacións directas sen procesos de concorrencia e sen publicidade. E advírtenos dun enorme problema e risco para as contas públicas, a alta dependencia de dous centros sanitarios privados: o Cosaga e o Carmen, e o proceso de concentración en oligopolios da sanidade privada.

E, ¿que lle pedimos o BNG nesta iniciativa? Demandar da Comisión Galega de Competencia, elaborar un estudo sobre o impacto na sanidade pública galega do proceso de concentración dos centros sanitarios privados de Ourense, analizando a situación e o grao de competencia e recomendando as medidas que debe adoptar a Administración no marco da política económica xeral da comunidade autónoma. ¿Adiviña, que votou o Partido Popular, señor Cháves? En contra, en contra da saúde das galegas e dos galegos, en contra da sanidade pública e a favor das empresas amigas da sanidade privada, en contra de xestionar ben o diñeiro público e a favor de darlle cartos a man cheas da sanidade privada.

Para rematar, e con respecto ao plan de actividades e obxectivos para 2028, 18 páxinas nas que temos moita literatura, señor López Chaves. Non se reflicte practicamente ningunha acción concreta, e basicamente o que fai é indicar cales son as funcións do Consello Galego da Competencia, algo que xa está na lexislación. No BNG xa lle indicamos nesta intervención algúns temas que consideramos moi importantes para Galiza. Engadirémoslle un máis. Hai un ano faciamos unha suxestión, que se rematara o informe sobre os accesos ferroviarios a Galiza, porque consideramos que é necesario un documento que incida no abandono en materia ferroviaria que padecemos no noso país. No 2023 fixeron un informe sobre a asignación dos recursos públicos para defender a competencia.

A presidenta da Comisión (señora Presas Bergantiños): Ten que ir concluíndo, señora González.

A **señora González Iglesias (BNG)**: Remato xa, presidenta.

Para defender a competencia nos corredores ferroviarios de mercadorías. Imos pensar que non foi pola oportunidade política de enfrontar co Goberno do Estado nesta materia, senón pola necesidade desa análise do abandono ferroviario de Galiza. Pero este informe segue sen estar completo, falta o transporte de pasaxeiros. Agardamos que neste ano se complete ese informe.

E xa remato, presidenta, como fixen o ano pasado: pedíndolle, señor López Cháves, un pouco de seriedade cunha institución que é fundamental para garantir non só os dereitos das empresas galegas en materia de competencia, senón tamén das persoas consumidoras galegas. Deixen de utilizar o Consello Galego da competencia para os seus intereses e garantan a imparcialidade que se lle supón a un órgano independente, tal e como vostede comentou na súa intervención.

Nada máis. Moitas grazas.

A presidenta da Comisión (señora Presas Bergantiños): Moitas grazas, señora González Iglesias.

Pasamos agora á quenda do Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia para o que ten a palabra, cando queira, señora Sanz Arias.

A señora Sanz Arias (P): Grazas, presidenta.

Bo día, señorías. Benvido, señor López Chaves.

Ben, hai case un século dicía Herbert Hoover que a competencia non é só a base da protección do consumidor, senón que ademais é o incentivo para o progreso E hoxe, case 100 anos despois, podemos constatar que esa información segue plenamente vixente. A competencia como un dos piares básicos da defensa dos dereitos dos consumidores é a competencia como un dos piares básicos do desenvolvemento económico de calquera sociedade. De aí a importancia do organismo que vostede preside.

Señor López Chaves, en primeiro lugar, en nome do Grupo Parlamentario Popular, quero agradecer a súa presenza de novo nesta comisión terceira do Parlamento de Galicia para dar conta das actividades desenvolvidas pola súa comisión no ano 2023, e para dar conta do programa de actividades para o ano 24. Na anterior lexislatura, vostede comprometidas a comparecer en sede parlamentaria antes do 30 de xuño de cada ano e coa súa presenza hoxe aquí está cumprindo o seu compromiso.

En segundo lugar, agradecerlle o amplo detalle na súa exposición, que nos permite coñecer de primeira man dun xeito transparente todas as actuacións que desenvolven no seno da Comisión Galega da Competencia cada día. Transparencia que se consegue, por tanto, con esta comparecencia; transparencia que se consegue coa remisión da memoria de actividades a este Parlamento para o seu traslado aos grupos; e transparencia que se

consegue, sobre todo, coa publicación na páxina web oficial do texto completo de todas as resolucións e informes tan pronto se elaboran.

E permítanme que poña en valor precisamente este último punto. A importancia de que cada galego, simplemente cun clic poida coñecer as análises, as conclusións e as resolucións de todos os asuntos que vostedes tramitan e afectan á defensa da competencia en Galicia e, por tanto, afectan directamente aos seus intereses.

Falaba vostede na súa comparecencia das orixes do dereito da competencia na fin da Segunda Guerra Mundial, co obxectivo de revisar o centralismo económico e os carteis que existían en Alemaña. Anos despois, o Tratado de Roma do ano 57, fai mención expresa a esta materia, protexendo principalmente a libre competencia nos seus artigos 85, e 86.

No noso país a Constitución española recoñece no seu artigo 38 a liberdade de empresa no marco da economía de mercado, sendo a competencia o límite a dita a liberdade. Neste contexto, o Tribunal Constitucional é contundente nesta materia e ordena evitar prácticas que poidan afectar ou danar a concorrencia entre empresas, ou cando considera a defensa da competencia, non como unha restrición da liberdade da empresa e de economía de mercado, senón como unha defensa necesaria.

Ben, ¿é cal é a situación en Galicia? A orixe e a asunción de competencias para a boa ás comunidades autónomas en materia de defensa da competencia —como é a nosa—, se atopan na sentenza do Tribunal Constitucional de 11 de novembro do ano 1999, que recoñeceu que aquelas comunidades autónomas con competencias en comercio anterior nos seus estatutos de autonomía, podían desenvolver competencias executivas nas lexislativas en materia de defensa da competencia. En execución desta sentenza, aprobouse a lei 1/2002, que permitiu a algunhas comunidades aprobar as súas propias leis e organismos, autoridades de competencia autonómicas.

Neste contexto, en Galicia aprobouse a Lei seis 2004, mediante que se creou o Tribunal Galego de Defensa da Competencia con funcións de resolución, pero non de instrución. Posteriormente, mediante lei 1/2011, este tribunal transformouse no Consello Galego dá Competencia que xa asumiu conxuntamente as súas funcións de instrución e resolución, ademais asumiu novas competencias.

Posteriormente, no ano 2013, apróbase a Lei de racionalización do sector público autonómico, a Lofasga, co obxectivo, como todos sabemos, de simplificar e reducir as estruturas administrativas. Esta lei dispuxo a afección do Instituto Galego de Consumo e da Competencia, integrando nun único órgano tanto os medios como as competencias en materia de consumo e en materia de defensa da competencia.

Créase así no seo deste novo instituto a Comisión Galega da Competencia —da que vostede veu darnos conta hoxe— como órgano colexiado, independente, permanente e consultivo con competencia para desenvolver en Galicia a Lei 15/2007, de defensa da

competencia. Trátase dun órgano único en el que se integra a defensa integral dos dereitos do consumidor e, á súa vez, garántase a competencias dos mercados, seguindo o modelo doutros países do noso entorno, como poden ser Holanda, Dinamarca ou Reino Unido.

Ben, comezou a súa comparecencia, señor López Chaves, facendo un apunte sobre as novas liñas de dereito da competencia. Por exemplo, falou sobre a necesidade de definir de forma clara os puntos de conexión para distribuír os expedientes entre a Comisión Nacional e as autoridades autonómicas co fin de evitar incertezas e posibles anulacións de sentenzas, como acaba de ocorrer recentemente no País Vasco. Tamén introduciu un concepto interesante, como son os factores ambientais no eido da competencia, e mencionou a existencia de precedentes da normativa europea de flexibilización do dereito da competencia por razóns de desenvolvemento sostible. Vemos como a competencia é algo vivo que se adapta aos novos tempos.

Ben, xa no que se refire ao traballo desenvolvido desde o seu departamento, vostede agrupouno en actividades de promoción e actividades de defensa da competencia. Na promoción inclúe mecanismos como informes, consultas ou participación en foros e xornadas. E dentro do Bloque da Defensa da Competencia inclúe todas as tarefas de investigación, tramitación é, no seu caso, imposición de sancións cando se detectan condutas colusorias, abuso de posición de dominio ou actos de competencia desleal que afecten ao interese público.

Ben, dentro deste último ao bloque, o de defensa da competencia, dentro das solucións destacaría, por exemplo, a resolución número seis de licitación da organización do Consorcio da Zona Franca de Vigo, que rematou cunha imposición de sancións a sete empresas por un importe superior 1.190.000 euros, a imposición da prohibición de contratar.

Da súa comparecencia amósase unha importante traballo, xa que falamos de 8 resolucións —non de 6 como dixen eu antes— superando a actividade outras importantes órganos é que a defensa da competencia, como son o do País Vasco, que tivo cinco resolucións, ou de Cataluña, que tivo cinco resolucións, organismos todos eles que contan cun orzamento moi superior ao galego. Falamos de expedientes complexos, como puidemos ver na análise da memoria, que nalgúns casos superan os 6000 folios e incluso os 11.000 folios.

Nese sentido, pregaríalle, señor López Chaves, que na súa quenda de réplica nos facilite, se ten tempo, máis información sobre as resolucións emitidas polos organismos, en relación con outros organismos de defensa da competencia, para así poder contextualizar o seu traballo.

Ben, no que se refire ao eido xurisdicional, falou vostede unha sentenza do Supremo en relación cunha abuso de posición de dominio dunha empresa nas viaxes e reserva do cámping na Illa de Ons. Coido que é a primeira vez que unha resolución da comisión é

recorrida nesta instancia, que veu confirmar integramente a resolución do órgano galego. Pregaríalle que na súa segunda quenda valorara esta sentenza e, en todo caso, trasladarlle á noraboa, posto que o Supremo vén de darlles a razón.

Ben, por outra parte, no que se refire ao bloque de promoción, falou do total de 8 informes, 13 promoción da competencia, 1 de función consultiva e 13 informes de normativas.

Respecto ao primeiro grupo de informes, destacaría o informe sobre os corredores ferroviarios de mercancías e exportación. A mellora das infraestruturas e a conexión de Galicia co exterior constitúe unha prioridade para este grupo parlamentario, para o Goberno galego, e dillo unha deputada da provincia de Lugo, que cada vez nos sentimos máis illados e polo desleixo e abandono absoluto ao que fai o Goberno central das nosas infraestruturas, tanto por estrada como por ferrocarril. Foise a señora González, pero dicirlle que isto non é interese político, senón que é unha situación realmente dramática a que vivimos en determinadas zonas de Galicia.

Comprobo nese informe que nos últimos cinco anos o Corredor Atlántico foi a infraestrutura máis empregada para as exportacións por tren desde España ao resto da Unión Europea, o que significará unha maior eficacia dos investimentos que se realicen neste corredor na medida en que cómpre con máis intensidade en función de impulsar o mercado único europeo. No Partido Popular de Galicia—como non pode ser doutro xeito— concordamos plenamente con este estudo, sempre defendemos o carácter estratéxico e a urxencia de impulsar o Corredor Atlántico, unha rede prioritaria para a Unión Europea. E urximos en numerosas ocasións, e así seguiremos facendo, ao Goberno central a tomarse en serio o Plan director do Corredor Atlántico Noroeste, está comprometido de ano 1919, fai cinco anos.

Para la importancia que esta materia ten para nós, pregaríalle tamén, se ten tempo, que ampliarse a continuidade deste informe na súa segunda quenda.

E xa para ir concluíndo. Destacaría tamén as novidades introducidas e destinadas por vostede no artigo 150 da Lei de contratos do sector público, modificado mediante a Lei de orzamentos do Estado para no 2023, lamentablemente a última Lei de orzamentos da que dispoñemos.

Mediante esta modificación, introdúcese un procedemento no que se prevé que os órganos de contratación cando detecten posibles condutas colusorias no seno da licitación pública, comuniquen á autoridade de competencia a situación para que informe con carácter previo á adxudicación do contrato. Este novo procedemento motivou que no ano 2023 a comisión galega emitise cinco informes en relación con tramitacións, contratacións que se estaban realizando, la Consellería de Educación, no Sergas, no Concello de Teo, no Concello de Guitiriz e no concello de Pontedeume. Pregaríalle tamén se ten tempo na súa quenda de réplica, que valorase este novo procedemento.

PARLAMENTO DE GALICIA

E tamén incidir nun tema que sacou a deputada do BNG, dunha iniciativa que se debateu neste Parlamento hai poucas semanas sobre a concentración dos centros sanitarios privados en Ourense. A deputada do BNG nos reprochaba que votamos en contra, entón gustaríame que nos informase claramente se a Comisión Galega da Competencia ten competencias en control de concentracións, que era o que estaba aquela iniciativa.

Remato xa reiterando o agradecemento do Grupo Parlamentario Popular ao señor López Chaves, e ao seu equipo, polo necesario e eficaz traballo que fan na defensa da competencia en Galicia. Emprazámolo a que volte a esta comisión, como máximo no prazo dun ano, para dar conta de todo o que están facendo neste 2024.

Moitas grazas.

A presidenta da Comisión (señora Presas Bergantiños): Moitas grazas, señora Sánz Áreas.

Para dar resposta ás inquedanzas dos grupos parlamentarios. Ten de novo o señor López Chaves a palabra.

O **presidente da Comisión Galega da Competencia (Ignacio López-Chaves Castro):** Moitas grazas, presidenta.

Vou intentar dar resposta a todos os grupos parlamentarios e dar, de maneira conxunta, as preguntas que coinciden.

En primeiro lugar, terminación convencional, que sinalou a portavoz do PSOE, e a terminación convencional é unha forma ordinaria de terminación dos procedementos sancionadores nas autoridades de competencia. É máis, no ano pasado, as autoridades autonómicas utilizaban a terminación convencional ata en oito ocasións. A autoridade vasca, a autoridade catalana, a autoridade andaluza, e incluso la Comisión Nacional. É máis, a terminación convencional supón o compromiso, asunción de compromisos por parte das empresas que se incoan expediente, que moitas veces da investigación se deduce que non existen probas suficientes para acreditalo posteriormente, incluso ante os tribunais, pero é que incluso na Unión Europea existe unha modalidade que no e terminación convencional, senón que é a transacción, é dicir, recoñecendo que esa empresa é infractora pode chegarse a un acordo con ela e reducirse a multa; é dicir, a posibilidade de terminación convencional, existe na normativa europea, existe tamén nota de transacción, transacción que estivo a punto de estar vixente en nuestro derecho, porque había un proxecto de lei de protección del cliente bancario, que se iba a tramitar en el Parlamento, en el Congreso de los Diputados, que se anulou; decayó la tramitación como consecuencia de la convocatoria de elecciones, donde se contemplaba la inclusión en nuestro ordenamiento del sistema de transacción, es decir, no sólo a terminación convencional, sino que en el año 2023 estaba a punto de introducirse ese sistema de

transacción que a una persona de una empresa a la cual se incoa un expediente, se le podía reducir de manera importante la multa en caso llegar a acuerdo con ella.

Es decir, este sistema es normal, y nosotros, por la experiencia que tenemos, por ejemplo en el tanatorio das ..., hace ya años se llegó a unha terminación convencional, la Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia recurrió esa terminación convencional, entendiendo que no era posible unha terminación convencional y el Tribunal Superior de Justicia de Galicia, rechazando el recurso de la Comisión Nacional frente a unha resolución de la Comisión Gallega, dio la razón y reconoció la posibilidad de esa terminación convencional. Desde ese año no hemos tenido ninguna notificación de actuación anticompetitiva ...; sin embargo, a lo largo de estos dos años hemos visto a continuas actuaciones de infracción en materia de competencia nos tanatorios. Por tanto, a terminación convencional asume unos compromisos y tiene, en algunos supuestos, más eficaz y desde el punto de vista de restaurar la competencia en un mercado que a propia sanción, porque la sanción en algunas ocasiones, y eso lo han dicho todos los expertos, es que muchas veces la multa tiene un límite máximo que es el 10 %; en algunas ocasiones las empresas, incluso imponiéndole la máxima multa, les compensan infracción; en cambio la terminación convencional, que supone una vigilancia, porque hai no informe diligencia posterior, es más eficientes desde el punto de vista de restauración de los mercados que en algunos casos el expediente sancionador.

En cuanto al número de resoluciones que do que falaron aos todos os grupos parlamentarios hay que señalar que o número resolución depende con quien compares. O número de resolución, das autoridades de compentecia, incluso da Comisión Europea, no son decenas o centenas. Vou falar dos números a Cataluña, a ACO, Autoridad Catalana Competencia, cinco expedientes no ano, 2023.

Vou falar. O País Vasco, 6; Valencia, 6; Castilla León, 7; Extremadura, 0; Andalucía ten 13; Galicia, 8 e Aragón, 2. Y la Comisión Nacional, que también es Autoridad Autonómica da Competencia, de aquellas comunidades autónomas donde no existe Autoridad Autonómica Competencia, y que son: Madrid, Castilla la Mancha, Canarias, Murcia, Baleares, Navarra, La Rioja, Asturias, Cantabria, es decir: un ámbito territorial de más de 16 millones de personas. Os expedientes que tramitou foron cinco. Y si examinamos algunha desas autoridades autonómicas, por ejemplo en Valencia, de los seis, los 6 son archivo. Polo tanto, comparando o número de resolucións da Autoridad Galega da Competencia, púes está na media, incluso na media superior del resto de las comunidades autónomas, incluso se comparamos co número de expedientes de autoridades nacionais e incluso da Comisión Europea, que tamén non son un número, como dicía, de decenas.

En cuanto a la UTE da sentenza do Tribunal, en relación con Alsa y Monbus, vuelvo a repetir: el criterio que empleó el Tribunal Superior de Xustiza de Galicia fue la aplicación del test legal de necesidad a las UTE. Las UTE, desde el punto de vista da competencia, no son vistas como algo beneficioso o no, es vista con desconfianza, ¿por que? Porque las UTE significa que persoas, empresas competidoras actuais ou futuras,

se ponen de común acuerdo, ponen en común, información comercial, incluso la tramitación en los precios, y, por tanto, no son —desde el punto de vista da competencia— examina desde un punto de vista recomendable, sen embargo, las UTE cumpren una finalidad que es facilitar la concurrencia de maior número licitadores a las contrataciones públicas.

Sin embargo, el problema que tenemos los autores ... examinar cuando concurrió na UTE a una licitación pública, que test tenemos que ver si esta UTE infringe la normativa de competencia, y existía tradicionalmente el test de necesidad; es decir, la UTE que podía ir sola no podía ir con otra, sin embargo esto planteaba problemas, como calcular esa capacidad de la empresa para concurrir solas, si era la capacidad, la solvencia técnica, si era el tema de la facturación de la mesa en relación con el importe del contrato, las autoridades de competencia empezaron a tener variaciones de ese principio de necesidad. Por ejemplo, la Autoridad Italiana de la Competencia en un caso de licitación de un tema sanitario que al concurrían dos grandes empresas, entre ellas Grifols, una empresa española, concorría, y en principio plantearon que esa UTE formada por una empresa italiana y Grifols, podía ser objeto de concorrencia por acordo colusorio; sin embargo, justificó la empresa que como había concurrido a unha licitación en Turquía y obtenía esa licitación, no podía prestar el servicio en esas dos supuestos y, por tanto, la autoridad italiana de la competencia, elimino y no sancionó a esa empresa, también la Audiencia Nacional, en algún supuesto de la licitación de UTE, como por ejemplo en una UTE, formada por empresas como CEPSA, creo que era CEPSA, ...y Urbaser, para una licitación de recogida ... de residuos, las empresas más grandes de España fue sancionada pola Comisión Nacional con 13 millones de euros; sin embargo, anuló la Audiencia Nacional entendiendo que a decisión de no presentar unha oferta individual era razoable desde el punto de vista económico. Por tanto, existían dos test que se aplican a las UTE, que era el test de necesidad y el test ... empresarial, o tribunal aplicou o test de necesidade, e iso é o que aplicamos agora na Comisión Galega da Competencia. Examinaremos en todas as UTE a solvencia técnica, capacidade, con independencia de que estea xustificado, que concorran en UTE, como sucedeu, por exemplo neste caso na Comisión Nacional dos Mercados e Competencia.

Pero tamén hai que sinalar que respecto de se fala dunha resolución xudicial, e son moitas as que afectan as resolucións da Comisión Galega da Competencia. La Comisión Nacional de los Mercados de la Competencia, el éxito, es decir, la confirmación de su resoluciones recurridas ante la Audiencia Nacional y Tribunal Supremo es del 38 %. La confirmación de las sentencias, de las resoluciones citadas por la Comisión gallega llega al 83 %; Por tanto, en los últimos años, desde el año 2006, la confirmación de las resoluciones polos tribunales de la Comisión Gallega competencia, son muy superiores a los que tiene a la Comisión Nacional que anulan y, por tanto, eso demuestra que no son tan mal dictadas la resolución de la Comisión Galega da Competencia.

En cuanto a la situación del expediente de Alsa y Mombus ya indica que está incoado, no podemos dar información porque tiene carácter confidencial. En segundo lugar, además la información la tiene la subdirección de Investigación, que no puede facilitar

al pleno información, mientras tramitan la instrucción. Y, unicamente, indicar que se ha ampliado la incoación a 21 empresas, que fueron los que concurrieron en UTE. El Tribunal Superior de Justicia ordenaba la incoación respecto a Alsa Monbus, pero Alsa e Monbus non concurrieron a las licitaciones, concurrían esas empresas y se amplió la incoación del expediente sancionador a esas empresas que si concurrían en UTE en esas licitaciones.

En cuanto á intervención de la portavoz del Bloque, que hablaba moitas veces de competencias leal, nós examinamos unicamente os actos de competencia leal, cuando afectan ao interese público. E, por certo, á Comisión Galega da Competencia, é a pioneira na aplicación do artigo 3, que es el que examina as competencias leal no ámbito da contratación pública cuanto afecte tres público. É a única autoridade autonómica de España —incluída la Comisión Nacional que sancionó a empresas por infracción da normativa en materia de contratación pública en relación con actos de competencia desleal, por notificar á Administración pública información que non a correcta en el caso de una licitación pública, en la licitación pública el incumbente ten que facilitar información á Administración pública para que elabore os pregos desa licitación. Nestes casos as empresas non facilitaron información correcta e foron sancionadas as empresas pola Comisión Galega da Competencia. Non existe ninguna autoridad —que eu coñeza— que sancionase por ese motivo as empresas, incluso algún caso, la Comisión Nacional fue activado expedientes similar.

En cuanto al control de concentraciones, quiero indicar, en primer lugar: no es competencia de la Autoridad Gallega de la Competencia, el examen del control de concentraciones, corresponde a la Comisión Nacional, artículo 13 de la Ley de Defensa de la Competencia señala cuáles son las funciones que corresponden a la Comisión Gallega de la Competencia, el examen de las infracciones, artículos 1, 2 y 3. Aparte, que la evaluación de un informe sobre o control de concentraciones de los cuales no somos competentes, sea poco eficiente, en la medida en que existe un informe aprobado por la comisión nacional.

El informe todavía no se ha publicado porque está pendiente de unos plazos para poder subirse a la página web de la Comisión Nacional; y aparte sería, además, poco útil por un motivo, en caso de que elaborase un informe de la Comisión Delegada Competencia, las empresas no tienen obligación de suministrar información a la Comisión Gallega de la Competencia, si la tienen obligación de darla a la Comisión Nacional.

En el año 2021, una modificación de la Ley de Defensa da Competencia, que se produjo como consecuencia de la transposición a la normativa española da directiva FN Plus de la Unión Europea, modifico las infracciones en materia de derecho de la competencia, y antes existía una infracción que era no colaborar con las autoridades de competencia, era una infracción leve, con una multa de llegar al 1 % en la facturación anual de esa empresa. Esa, … y, por tanto, la Comisión Gallega de la Competencia, en caso de que un informe de promoción piden información da empresa, esta empresa se puede negar y no tenemos instrumento para reclamarlo. la Comisión Nacional dos Mercados e da

PARLAMENTO DE GALICIA

Competencia, en la medida que está un expediente de su competencia un control de concentraciones en el cual ella es competente, sí puede reclamar esa información, la tiene y, por tanto, puede elaborar el informe de concentración.

Este informe de concentración, como saben, los informes de concentración elaborados por la Comisión Nacional, pueden ser dos fases: fase primera y fase segunda; fase primera es cuando no hay problemas para la competencia, este informe no pasó a la fase primera; se hubiese algún problema para a competencia, hubiera pasado a la fase dos. En caso de fase dos, incluso el Gobierno de España puede intervenir en esa concentración, y también la Comisión Gallega Competencia podría emitir un informe, pero en fase uno, que puede determinar con una autorización de esa concentración con autorización, con compromisos o con pasar a fase dos, porque hay indicios de que puede afectar a la competencia; en este caso terminó con compromisos. La asunción de compromisos en caso de una concentración, lleva consigo a una vigilancia por parte de la Comisión Nacional. Hace unos días la Comisión Nacional en un proceso de concentración sancionó a una empresa con una multa de 13 millones de euros, simplemente non porque non notificase la concentración, sinó simplemente porque trasmitió información falsa.

Por tanto, este informe de vigilancia por parte de la Comisión Nacional no justifica la actuación de la Comisión Gallega de la Competencia cuando existe un informe emitido por la Autoridad de Competencia, que tiene capacidad para hacer eso, que tienen una vigilancia durante cinco años. Por tanto, no corresponde —en mi opinión— para elaborar ese informe, y aparte que no tendríamos capacidad para conseguir Eso.

A **presidenta da Comisión (señora Presas Bergantiños):** Se pode ir concluíndo, señor López Chaves.

O **presidente da Comisión Galega da Competencia (Ignacio López-Chaves Castro)**: Perdón.

Y, por último, la relación de la comisión gallega y la comisión nacional es una relación correcta y, por tanto, no parecería, desde un punto de vista institucional, hacer un informe, que no somos competentes, que no podríamos hacer información, sobre un tema que ya ha informado la Comisión Nacional. Por tanto, creemos que en ese tema es cierto que alguna autoridad ha elaborado un informe en materia de control de concentraciones, hicimos un informe sobre la concentración bancaria en general, pero non informamos nunca sobre la concentración de las cajas, no informamos de la de la fusión de Banco Pastor con el el Banco Popular, porque no es la función de la Autoridad Gallega de la Competencia.

En cuanto a informes sobre el sector ferroviario —a ver si me da tiempo— indicar que este informe no es el primero que emitimos en materia de infraestructuras, emitimos un informe sobre si había que compensar a las autovías como consecuencia da perdida de tráficos y pérdidas derivadas de la caída de tráficos por el covid, un informe sobre las

compensaciones que recibía Audasa como consecuencia de obras de mejora de capacidad en esa autopista y también un informe sobre las consecuencias que tenía el cobro de taxas por el uso de las autovías desde o punto de vista da competencia en el ámbito de la Comunidad Autónoma de Galicia.

Este informe tiene como finalidad el examinar si corresponde, si es más y cuál es más eficiente a la inversión. La idea de que un sector como está liberalizado, las inversiones en infraestructuras ferroviarias de un sector liberalizado, tienen que tener eficiencias económicas y, por eso, analizamos desde el punto de vista de los datos de exportación —en euros, no en toneladas— de las comunidades autónomas y se vio, porque normalmente se habla del corredor Mediterráneo como el gran corredor de importancia desde el punto de vista de los tráficos de mercancías ferroviarias en España y resulta que el 60, casi el 63 % de la exportación de mercancías por parte desde España al resto de países de la Unión Europea, se hacen por el corredor Atlántico y el 37 % por todo el Mediterráneo. Esto significa que, del punto de vista de la eficiencia de la inversión de los recursos públicos en un sector liberalizado y que puede afectar a empresas de otros sectores de transporte, sería más correcto hacerlo en donde efectivamente se está utilizando ese transporte ferroviario.

En cuanto la sentencia del Supremo, es cierto, la primera sentencia que resolución que el Supremo lo ha confirmado, un caso de venta empaquetada, que era transmisión de un monopolio legítimo que tenía una empresa a otros sectores económicos que no tenía monopolio sol y, por tanto, se le sancionó.

Y, por último —ya para terminar— el artículo 150 es una importante novedad que nos va a incrementar el trabajo de la Autoridad Gallega a la Competencia. ¿Por qué? Pues lo he dicho antes: normalmente las autoridades de competencia interviene ex post, únicamente intervenimos ex ante a través da regulación pero las autoridades de competencia no regulan, eso corresponde a ustedes, al legislador, pero no las autoridades de competencia.

Esta modificación del artículo 150 permite a las autoridades de competencia intervenir ex ante, es decir, antes de que se adjudique, se resuelva esa licitación, puede la Autoridad de Competencia en un informe con los indicios que tenga en ese momento, indicar se existe o no indicios de colusión; si existen indicios de colusión, en ese momento la Mesa de contratación deberá de comunicarlo a los interesados, presentar alegaciones, resolver de nuevo sobre esas alegaciones a la autoridad gallega y decidir si expulsa o no a ese licitador, de tal manera que significará que en ese momento la personas que estén incursas en un supuesto de actividad de actuación colusoria, serán excluidas. Es cierto que algunas mesas de contratación ya lo hacían sin aplicar el artículo 150, pero atendían un informe que validaría en ese sentido la actuación de esa mesa de contratación. Indicar que por eso, como se trata solo de contratos harmonizados, hay que procurar que el expediente continue hasta que tengamos toda la información. La finalidad es que, desde el punto de vista de las autovías de competencia, dar formación y por eso hicimos la guía para que sepan las mesas de

contratación como actuar en este supuesto, que es una forma de luchar contra las actuaciones colosales en materia de contratación pública que, como he dicho, cada vez nos ocupan más a las autoridades de competencia.

Gracias, señora presidenta.

A presidenta da Comisión (señora Presas Bergantiños): Moitas grazas a vostede, señor López Chaves.

Facémonos cargo do complexo de sintetizar o seu ámbito de traballo, e agradecémoslle unha vez máis a vostede a súa presenza nesta comisión, e aos grupos parlamentarios a súa contribución.